



POLÍTICA DE CALIDADE

O Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña, como entidade xestora da Rede de vixilancia da calidade do aire da cidade, define a súa Política de Calidade sobre a base dos seguintes compromisos:

- Implantar unha sistemática de traballo na Rede a través de procedementos internos que definan, por escrito e de xeito claro e preciso, as tarefas a desenvolver, avaliando ao mesmo tempo os distintos servizos prestados, conseguindo así unha xestión máis **organizada e profesional**.
- Xestionar de forma eficiente os medios e infraestruturas ao servizo das redes de vixilancia, permitindo así unha **explotación responsable dos recursos públicos** asignados.
- Analizar permanentemente a información obtida, co fin de anticiparse a posibles erros, traballando sobre a prevención antes que sobre a corrección, mellorando continuamente a calidade dos servizos prestados, co fin de garantir a **satisfacción de todas as partes interesadas**.
- **Formar, informar e sensibilizar** ás persoas ao servizo das Redes en cantos aspectos sexan requeridos para o desenvolvemento dos seus cometidos no marco do Sistema de Xestión da Calidade, de xeito que o seu traballo resulte eficaz.
- Establecer **obxectivos e metas de calidade** realizando un seguemento periódico dos mesmos a través de indicadores que aseguren a mellora continua das Redes.

Convencidos de que o medio principal para conseguir estes compromisos é o entendemento, aceptación e seguemento dos mesmos por parte de todo o persoal, a Rede adica os seus esforzos a motivar, integrar e facer participar a todo o seu equipo de traballo nos procesos de mellora continua da Calidade, sendo esta de obrigado cumprimento para todas as persoas ao servizo da mesma, estando a disposición de todo aquel que o requira, así como para o público en xeral.

Para dar garantías no referente á adecuada implantación e mantemento do Sistema, noméase a un Responsable de Calidade, quen se encarga do control, supervisión e adecuación do Sistema de Xestión aos requisitos establecidos. Igualmente, esta Política de Calidade é revisada cada ano para asegurar que segue a ser pertinente e apropiada, suscitando novos obxectivos, co propósito de mellorar constantemente o Sistema de Xestión implantado.

A Coruña, na data da sinatura dixital que consta neste documento.

Noemí Díaz Vázquez
Concelleira de Medio Ambiente